

# Nº 2

Ano 2018




Estudo Lonxitudinal para unha Infancia Saudable

# conta

**O PROXECTO ELISA SEGUE EN MARCHA! AGRADECÉ-MOSVOS MOI SINCERAMENTE A VOSA PARTICIPACIÓN CONTINUADA NO MESMO**

VELAQUÍ UN BREVE REPASO DO PERCORRIDO DO ELISA:



No seguimento deste último ano incorporáronse novas familias e colexios. **Actualmente a comunidade ELISA está formada por:**

- **48% NENAS 52% NENOS**
- **2789 FAMILIAS**
- **310 MESTRES/AS**
- **76 COLEXIOS**



**Responderon ao cuestionario ELISA (2017-2018)**

**84.22%\* NAIS/PAIS 87.34%\* MESTRAS/ES**

\*Nais e mestras son quen maioritariamente se encargan de cubrir o cuestionario ELISA, por iso, neste documento, empregaremos o feminino cando aludamos aos proxenitores e ao profesorado.

A información que nos proporcionades está sendo moi valiosa; de feito, como sabedes, durante o 2018 espertamos o interese dos medios de comunicación escritos e mesmo da TVG.



¿Lembrádevos destas escenas? Podedes ver a reportaxe completa no programa *A Revista*, directamente a través do seguinte enlace: <http://www.crtvg.es/informativos/co-proxecto-elisa-a-facultade-de-psicologia-detectara-situacions-emocionais-non-saudables-na-infancia-3780990>

## PREOCUPACIÓNS MÁIS FRECUENTES DAS NAIS ELISA RESPECTO AOS SEUS FILLOS/AS

1. Saúde, felicidade e benestar
2. Comportamento
3. Relacións cos iguais
4. Xestión das emocións
5. Educación

Tendo en conta as preocupacións que as familias ELISA tedes respecto dos vosos nenos/as, elaboramos este novo número do ELISA CONTA tentando ofrecervos información de interese ao respecto

Atópanos en: [www.facebook.com/proxectoELISA](http://www.facebook.com/proxectoELISA)  
Contáctanos en: [proxectoelisa.udipre@gmail.com](mailto:proxectoelisa.udipre@gmail.com)



UNIÓN EUROPEA

## OS NENOS/AS ELISA


Xa dende moi pequenos os nenos/as son diferentes na súa forma de relacionarse co entorno e experimentar o mundo. Mostran configuracións distintas e únicas de “características temperamentais”.

Esta diversidade temperamental vai a influír, en certa medida, no seu comportamento.


**POR EXEMPLO:**

**Gráfica 1.** Relación entre “Autotranquilización” e a conduta prosocial

A “Autotranquilización” (a capacidade para modular as emocións desagradables) inflúe nas condutas positivas infantís, de tal forma que os nenos/as con maiores puntuacións nesta dimensión mostran os niveis máis altos de conduta prosocial, é dicir, axudan, comparten e son máis amables cos demais.




**Gráfica 2.** Relación entre a “Reactividade Emocional” e a desconsideración cara os demais



Por outra parte, os nenos/as que experimentan con máis intensidade emocións negativas (como a ira, a tristeza ou o medo) tenden a amosar menos consideración cara aos demais, o cal pode repercutir na calidade das súas relacións sociais.

**Gráfica 3.** Relación entre “Impulsividade” e a tendencia a manifestar condutas arriscadas

Ademais, unha alta impulsividade relaciónase cunha maior probabilidade de actuar dunha forma arriscada, incluso temeraria, que os leva a expoñerse a perigos innecesarios.



É importante prestar atención ao grao de impulsividade dos nenos/as, pois condúceos a reaccionar sen pensar nas consecuencias da súa conduta.

## AS FAMILIAS ELISA

O estudo ELISA móstranos que as condutas dos nenos/as vense tamén afectadas polo comportamento das nais. Por exemplo, as emocións que experimentamos cara aos fillos/as relaciónanse co estilo educativo que utilizamos con eles/as:

As familias ELISA basean as súas prácticas educativas no eloxio e a demonstración de afecto aos fillos/as e o reforzo do seu bo comportamento.

No estilo positivo predominan a experimentación de emocións de disfrute e felicidade nas interaccións cotiás cos fillos/as. Mentres, nos estilos punitivo e inconsistente maniféstanse, en maior medida, sensación de desgusto ou de sentirse desbordado/a na tarefa de educar aos fillos/as.


ESTILO EDUCATIVO	EMOCIÓNS CARA OS FILLOS/AS	REGULACIÓN EMOCIONAL
<p><b>POSITIVO</b></p> <p>Uso principal do reforzo, a calidez e o apoio</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A maioría das veces o meu fillo/a saca o mellor de min</li> <li>• Desfruto sendo a nai/pai do meu fillo/a</li> <li>• En xeral, síntome feliz coa relación que teño co meu fillo/a</li> </ul>	
<p><b>INCONSISTENTE</b></p> <p>Uso irregular de reforzos e castigos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En ocasións, resúltame difícil estar preto do meu fillo/a</li> <li>• En ocasións, non me levo ben co meu fillo/a</li> <li>• Ás veces, resúltame difícil comunicarme co meu fillo/a</li> </ul>	
<p><b>PUNITIVO</b></p> <p>Uso frecuente de castigo verbal e físico</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ás veces desexaría que o meu fillo/a se fora por uns poucos minutos</li> <li>• Ás veces a conduta do meu fillo/a enfádame tanto que apenas podoo soportalo</li> <li>• Ás veces o meu fillo/a pon a proba a miña paciencia</li> </ul>	

Comprobamos a importancia que teñen as emocións e condutas propias do estilo educativo positivo á hora de promover habilidades de regulación emocional nos fillos/as.

O estudo ELISA indícanos, tamén, que debemos ter en conta o nivel de estrés asociado ao exercicio do noso rol materno.

**Gráfica 4.** Diferencias no estrés percibido na crianza nos estilos educativos


En xeral, o **estrés parental medio informado polas nais é baixo...** ...Observamos que canto máis positivo é o estilo educativo empregado pola nai, menor é a súa percepción de estrés na crianza do seu fillo/a. Sucede o contrario para os estilos educativos inconsistentes e punitivos: as nais que máis fan uso de eles informan de niveles de estrés parental superiores (véxase a **Gráfica 4**).



## AS ESCOLAS ELISA

Unha das preocupacións máis importantes para familias e mestras é que os nenos/as, xa dende pequenos, mostren condutas agresivas no contexto escolar, sexan de tipo físico (pegar ou empurrar) ou social (burlas, alcumes ou intentos de exclusión).

Porcentaxe de nenos/as que amosan condutas agresivas frecuentes no contexto escolar



### PERFÍS COMPORTAMENTAIS

Entre os nenos/as que tenden a reaccionar con agresividade, sexa física ou social, vemos que se comparten certas características como:



- I. Unha tendencia a amosar un comportamento impulsivo e disruptivo (p.ex. saltarse normas, romper cousas, coller sen permiso o material dos demais, etc.).
- II. Menos habilidades que os seus compañeiros/as para xestionar as propias emocións e comprender as dos demais.

Non obstante, en termos xerais, as mestras informan de que a adaptación á escola vai mellorando conforme as crianzas crecen; enténdese que como resultado dun maior coñecemento das normas de convivencia e un maior sentimento de confianza e proximidade ás súas mestras e compañeiros/as.

### Co avance nos cursos escolares os nenos/as...

ESFÓRZANSE MÁIS POR REALIZAR AS ACTIVIDADES/TAREFAS PROPOSTAS NA AULA

MÓSTRANSE MÁIS A GUSTO NA ESCOLA, MÁIS INTEGRADOS E IMPLICADOS NELA



A impresión das mestras vese reforzada polo alto grado de satisfacción das familias coa escola:

8,6\*

\* Puntuación media sobre 10



Gráfica 5. Esfuerzo académico segundo grupos de idade

Gráfica 6. Boa conduta segundo grupos de idade

## EVOLUCIÓN NO ESTUDO LONXITUDINAL

Finalmente, tendo realizado dous momentos de avaliación, xa podemos examinar a evolución que seguen as dificultades e fortalezas dos nenos/as nun momento clave no seu desenvolvemento, como é a transición da educación infantil á primaria.

### NESTE MOMENTO DE CAMBIO, OS NENOS/AS ELISA...



— Desobediencia



— Problemas de ansiedad/medo

Consideramos que esta evolución das dificultades condutuais e emocionais dos nenos/as pode responder a dúas cousas. Por unha parte, aumenta a súa capacidade para interiorizar normas sociais, focalizar a atención e controlar a súa conduta. Por outra parte, amplíase o seu abanico de emocións, e a súa capacidade para recoñecelas.

Ademais, podemos dicir que a evolución dos nenos/as ELISA segue un curso favorable. A mellora nas habilidades para xestionar as propias emocións fai que os nenos/as se poidan desenvolver mellor nas situacións sociais. Isto, á súa vez, ofrécelle oportunidades para seguir adquirindo as competencias necesarias para un desenvolvemento saudable.

### CAMBIO NOS MEDOS MÁIS PREVALENTES AO INICIO DA EDUCACIÓN INFANTIL E DA EDUCACIÓN PRIMARIA

MEDOS FRECUENTES	GRUPO DE IDADE	
	3 ANOS	6 ANOS
Animais grandes (cans, lobo, etc)	48,5%	31,9 %
Escuridade	18.2%	25.7%
Animais pequenos (abellas, arañas, etc)	3%	21.2%
Quedarse só/soa e durmir só/soa	12.1%	5,3%



### EN CONCLUSIÓN....

- Os nenos/as ELISA amosan comportamentos e estilos temperamentais, na meirande parte dos casos, acordes ao esperable dentro do seu grupo de idade.
- Vemos como tamén, dende a casa, o estilo educativo empregado contribúe de forma importante a este desenvolvemento favorable. Mostrando emocións positivas cara as nosas crianzas, e mantendo baixo o noso nivel de estrés, contribuiremos á prevención das posibles dificultades nesta etapa.
- A presenza de certos niveis de agresividade física e social a idades temperás, pon de manifesto a necesidade de manternos alerta e detectar os primeiros indicios antes de que se agraven.
- Aínda que comprobamos que a evolución dos nenos/as neste momento é xeralmente favorable, non debemos esquecer que existen diferentes traxectorias de desenvolvemento; coñecelas, a través dun seguimento máis longo, é fundamental para elaborar estratexias de prevención eficaces.
- Neste cometido, debemos considerar o carácter protector das destrezas de xestión emocional dos nenos/as. Reforzalas convértese nun elemento crucial para fomentar o benestar emocional e o axuste psicosocial ao longo da nenez.

O proxecto ELISA continuará a percorrer a paisaxe emocional, condutual e social das nosas crianzas ao longo do tempo. A próxima estación do tren ELISA será a primavera de 2019.

Mantemos os motores acesos!

GRACIAS A TODA A COMUNIDADE ELISA!